Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 1TJ1FMTIFVN1MVUL3E00RI7T
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 29/09/2026 13:10:55 Página 1 de un total de 3 página(s).

Resolución reitoral, do 30/09/2026, pola que se resolve definitivamente o prazo inicial da convocatoria das axudas de mobilidade «Third Places Research» da Universidade da Coruña no marco do proxecto EMERGE

Mediante a resolución reitoral do 27 de febreiro de 2026 establecéronse as bases reguladoras das axudas de mobilidade «Third Places Research» da Universidade da Coruña no marco do proxecto EMERGE e procedeuse á súa convocatoria para o curso 2025/26.

De conformidade co artigo 10 das bases reguladoras, publicouse a resolución provisional das axudas, abríndose un prazo de cinco días hábiles para presentar alegacións ou emendar as solicitudes.

Mediante a Resolución reitoral do 20 de abril de 2026 acordouse ampliar durante 30 días naturais o prazo de presentación de solicitudes á convocatoria, ao quedar cinco das seis axudas convocadas sen adxudicar. Esta ampliación deu lugar a un novo prazo de presentación de solicitudes, independente do procedemento de adxudicación correspondente ás candidaturas presentadas no prazo inicial.

Finalizado o prazo de alegacións e emendas e, de acordo coa proposta da Comisión de Selección, procede ditar a resolución de adxudicación definitiva.

RESOLVO

1º Persoas beneficiarias

Publicar a listaxe de concesión definitiva das axudas de mobilidade «Third Places Research» da Universidade da Coruña, no marco do proxecto EMERGE, correspondente ás candidaturas presentadas durante o prazo inicial da convocatoria, que figura no anexo I desta resolución.

2º Efectos da adxudicación definitiva

As persoas beneficiarias deberán cumprir as obrigas establecidas nas bases reguladoras da convocatoria. En particular, deberán asinar o convenio financeiro remitido pola oficina EMERGE, de acordo cos artigos 12 e 16 da convocatoria.

O pagamento da totalidade da bolsa concedida realizarase por transferencia bancaria nun prazo máximo de 30 días desde a sinatura do convenio financeiro, de conformidade co artigo 12 da convocatoria.

3º Recursos

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA). Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso potestativo de reposición ante o reitor no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Ambos os prazos comezarán a contar desde o día seguinte á súa publicación no TEO.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O Vicerreitor de Investigación e Transferencia

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 1TJ1FMTIFVN1MVUL3E00RI7T
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 29/09/2026 13:10:55 Página 2 de un total de 3 página(s).

Anexo I

Listaxe definitiva de persoas beneficiarias

Solicitude	Solicitante	Centro
202699900001421	Andrea Fernández Sánchez	Facultade de Ciencias da Educación

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: 1TJ1FMTIFVN1MVUL3E00RI7T
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 29/09/2026 13:10:55 Página 3 de un total de 3 página(s).